| CRITERIOS | PUNTOS |
|---|---|
| *Irmáns matriculados no centro* | • Por irmá matriculado no centro : **8** puntos<br>• Para os seguintes: **2** puntos (por cada un/unha) |
| *Nai, pai titoras ou titores legais que traballen no centro* | **3 puntos** |
| *Por proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo dalgún dos pais ou titores legais* | • **Domicilio familiar**<br>○ Área de influencia: **6** puntos<br>○ Zoas limítrofes; **3** puntos<br>• **Proximidade lugar de traballo**<br>○ Área de influencia: **4** puntos<br><br>Áreas limítrofes: **2** puntos |
| *Renta anual per cápita da unidade familiar, valorada por referencia ao indicador de renda de efectos múltiples (IPREM)* | • Inferior a 0,5 veces o IPREM: **3** puntos<br>• Entre 0,5 e 0,75 veces o IPREM : **2** puntos<br>• Igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM : **1** punto<br><br>Igual ou superior ao IPREM: **0** puntos |
| *Condición de familia numerosa* | • Familia numerosa, categoría especial: **3** puntos<br>• Familia numerosa, categoría xeral: **2** puntos |
| *Familia monoparental* | **2** puntos |
| *Concurrencia de discapacidade na alumna, no alumno ou nalgún dos seus proxenitores ou irmáns* | • Discapacidade na alumna ou no alumno: **4** puntos<br>• Discapacidade nai, pai, titora ou titor legal : **3** puntos<br><br>Discapacidade nalgunha irmas ou nalgún irmán da alumna ou do alumno: **1** punto |

## DATOS DE INTERESE

- **Irmáns matriculados no centro**
  - Fotocopia do libro de familia
  - No caso de menores en situación de acollemento, fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Política Social
- **Criterio nai, pai, titora ou titor que traballe no centro**
  - Documento acreditativo expedido polo centro educativo
- **Proximidade do centro educativo ao domicilio familiar ou lugar de traballo** *Na solicitude de admisión a persoa solicitante deberá indicar, para pos efectos de baremo, a súa opción polo domicilio familiar ou polo lugar de traballo, non sendo acumulables as puntuacións polos dous criterios*

- **Acreditación do domicilio familiar**
    - Certificado do Padrón Municipal (mellor volante histórico de convivencia. É gratuito) no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel.
    - A data de alta no domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión agás circunstancias debidamente xustificadas
    - **De non coincidir os domicilios familiar e fiscal**, as persoas interesadas deberán presentar a documentación complementaria; (copia do título que lexitime a ocupación da vivenda declarada como domicilio familiar-escritura de compravenda ou doazón, contrato de aluguer- e contrato de alta de recibos actualizados de subministracións -auga, luz, gas- a nome da persoa ou persoas que solicitan a admisión

- **Acreditación do lugar de traballo**
    - Traballadores/as por conta allea: documento expedido para o efecto polo empregador, xunto cunha copia do contrato de traballo
    - Traballadores/as por conta propia: alta censal inicial ante a Axencia Estatal Tributaria, con todas as modifcacións posteriores e as altas na Tesouraria Xera no Réxime de Seguridade Social
    - Persoal ao servizo das administracións públicas: certificado da Xefatura de Persoal correspondente

- **Renda per cápita da unidade familiar:** facer constar a cantidade correspondente a base impoñible (declaración conxunta) ou base impoñible de cada un dos declarantes da unidade familiar (declaración individual).
    - A tal efecto farase constar a cantidade que resulta da suma das casiñas 435 (base impoñible xeral) e 460 (base impoñible de aforro) do IRPF do ano 2019
    - No caso de non facer declaración constarán os ingresos segundo os datos que facilite a Axencia Estatal da Administración Tributaria
    - Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao 28 de febreiro de 2021
    - Utilizarase o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) anual correspondente ao ano 2019. CANTIDADE: 6.454,03 euros
- **Condición de familia numerosa**
    - Fotocopia do título oficial en vigor ou do carné familiar galego expedidos pola Consellería Política Social, ou copia da solicitude de recoñecemento ou renovación
- **Criterio familia monoparental**
    - Fotocopia do libro de familia, certifiado de convivencia, resolución xudicial de separación, divorcio ou medidas paterno-filiais ou convenio regulador
- **Acreditación e valoración do criterio de discapacidade**
    - Certificación do grao de minusvalia expedida pola Consellería de Política Social ou, se é o caso, do órgano competente doutras administrativas públicas